



1-INTRODUCCIÓN

O Local de Música, pertencente ao Departamento de Xuventude do Concello de Pontevedra organiza o concurso FEST para promover a escena musical emerxente. Busca poñer en valor a creación musical de base organizando un evento nun espazo emblemático da cidade como é o Teatro Principal.

Os obxectivos principais son:

- Presentar á comunidade unha mostra da escena musical independente nun espazo emblemático e representativo da cidade.
- Ofrecer aos grupos novos oportunidades para darse a coñecer e desenvolver a súa carreira artística.
- Ofrecer aos grupos participantes a oportunidade de conseguir un material audiovisual especial e relevante que apoie á súa estratexia promocional.

2-EN QUE CONSISTE O CONCURSO

O concurso consiste nun concerto que se celebrará o 19 de marzo de 2016 no Teatro Principal. Oito grupos seleccionados previamente por un xurado cualificado e representativo, farán unha actuación breve para mostrar o seu espectáculo. Un xurado concederá un dos premios que consiste na gravación dun videoclip cunha produtora audiovisual. O público asistente votará e concederá outro premio, que consistirá nunha actuación remunerada na cidade.

O festival pecharase cunha actuación dun grupo convidado.

3-PARTICIPACIÓN.

Poderán participar todas aquelas bandas ou solistas con compoñentes con idades comprendidas entre os 16 e 35 anos que non teñan, no momento da inscrición, ningunha publicación cun selo discográfico.

Os compoñentes menores de idade afirmarán ter o consentimento de pais/nais ou tutores no momento de inscribirse. En caso de resultar finalistas solicitaráselles unha autorización formal, firmada e por escrito.

A inscrición será totalmente GRATUÍTA.

4-DATAS e FASES.

- Inscrición. Do 1 de febreiro ao 29 de febreiro de 2016 ás 22:00h.
- Selección do xurado: 5 de marzo de 2016.
- Concurso: 19 de marzo de 2016



5-INSCRICIÓN

As inscricións poderán facerse unicamente desde un formulario online no web do Local de Música (<http://localdemusicapontevedra.nos.gl>).

As datas para a recollida de inscricións será entre o 1 de febreiro ao 29 de febreiro de 2016 ás 22:00h.

6-DATOS PARA A INSCRICIÓN

O formulario solicitará os datos principais do grupo e dos seus compoñentes.

Como información chave para preselección do xurado, haberá que presentar:

1. Un enlace a un video onde o grupo interpreta unha canción nun ensaio.
2. Reseña do grupo e traxectoria, traballos,...
3. Como información complementaria poderán poñerse outros enlaces de interese: redes sociais, web,...

A organización poderá subir e compartir a información dos grupos apuntados ou aquela outra que considere de interese nos seus espazos de difusión web (facebook, blogue...)

Características do vídeo obrigatorio

Para garantir que todas as propostas acceden en igualdade de condicións, establece un criterio único e asumible para todas as bandas ou solistas que se presenten, que é un vídeo fresco e recente que amose o que a banda realmente é, sen filtros, sen retoques e sen edición.

- O vídeo do ensaio será requisito imprescindible para poder acceder á preselección.
- As propostas que non o presenten ou non cumpran os requisitos establecidos, non se aceptarán no concurso.
- Este video poderá realizarse con calquera medio técnico dispoñible, cámaras, cámaras fotográficas, teléfonos...
- Deberá enviarse o enlace ao video colgado nalgunha páxina (youtube,...)
- Gravarase sen cortes, nun só plano a canción escollida.
- Non está permitida a edición do video nin de audio.
- Ao rematar o FEST poderanse retirar os videos subidos polo grupo se así o estimara.

7-XURADO E PRESELECCIÓN

A organización do concurso facilitará a un xurado cualificado e representativo a información enviada polos grupos.



O xurado estará composto por persoas relacionadas co mundo da música, colectivos e asociacións da cidade relacionadas coa música e persoal do Concello vencellado ao Local de Música, e serán os encargados de seleccionar as bandas participantes entre as inscricións recibidas. A organización comprobará que as bandas inscritas cumpran os criterios das bases. Aquelas que non teñan a información solicitada non serán admitidas.

A preselección consistirá nunha audición onde se presentará a reseña do grupo e revisarse o vídeo do ensaio solicitado de cada un dos grupos presentados. O xurado revisará algún do material adicional achegado polo grupo na súa inscrición.

O xurado valorará numericamente os seguintes criterios: actitude, composición e execución. Valoraranse especialmente a utilización da lingua galega e as composicións propias. A suma resultante destas valoracións e as de todas as persoas participantes como xurado darán o resultado da selección dos 8 grupos para o día do festival no Teatro Principal de Pontevedra.

Para poñer en valor a escena local e atendendo á orde de puntuación, a selección distribuírase do seguinte xeito:

- As catro bandas mellor puntuadas,
- As dúas bandas de Pontevedra mellor puntuadas,
- As dúas bandas do local de música de Pontevedra mellor puntuadas.

No caso de empate, teranse en conta os seguintes criterios:

1. Normalización lingüística: Uso da lingua galega.
2. Igualdade de oportunidades: Contar con mulleres como compoñentes do grupo musical.

Todos os estilos musicais serán admitidos.

O xurado reunirse o día 5 de marzo para facer as audicións e emitir as súas valoracións.

Inmediatamente á resolución, comunicaráselle aos grupos a súa situación.

A organización colgará información sobre os grupos seleccionados nos seus espazos de difusión web.

A decisión do xurado será inapelable.



8-PREMIOS

Premio do xurado.

O premio consiste na gravación dun videoclip cunha productora audiovisual por un valor de 1000€.

A definición do proxecto de vídeo clip estará supeditado ao saldo establecido. O grupo gañador poderá negociar coa produtora unha ampliación de saldo para a contratación de melloras.

O grupo gañador deberá presentar un guión do traballo antes do 31 de xullo de 2016, e presentar o vídeo antes do 31 de decembro de 2016.

Premio do público

O público asistente votará e concederá outro premio, que consistirá nunha actuación remunerada na cidade, na festa final do programa xuvenil NOITES ABERTAS do Departamento de Xuventude municipal. O caché e condicións negociaranse co grupo gañador.

Ambos premios son compatibles.

9-PROGRAMA

O evento celebrarase no Teatro Principal de Pontevedra o día 19 de marzo de 2016.

Cada grupo ou solista terá un tempo máximo de 15 minutos para presentar a súa proposta. Para os cambios de escenario entre grupos haberá un tempo de 10 min que non contará no tempo de interpretación.

Os participantes comprométense a seguir as especificacións dadas polo *stage-manager* da organización.

10-PREMIO DO XURADO: sistema de valoración.

A organización do concurso facilitará a un xurado cualificado un sistema de votacións para que este valore numericamente os seguintes criterios: actitude, composición, execución e valoración global.

Valorarase tamén o uso da lingua galega.

Valoraranse ademais composicións propias.

A suma resultante destas valoracións darán o resultado do gañador.

No caso de empate, teranse en conta os seguintes criterios:

1. Normalización lingüística: Uso da lingua galega.
2. Igualdade de oportunidades: Contar con mulleres como compoñentes do grupo musical.

11- PREMIO POR VOTACIÓN POPULAR: Sistema de votacións

- A cada persoa asistente entregáraselle unha papeleta de votación coa entrada.
- Esta terá impreso os nomes dos grupos finalistas.
- Marcaranse obrigatoriamente a 3 dos 8 grupos participantes.
- O público depositará nunha urna o seus votos.
- Aquelas papeletas que non teñan tres votos serán declaradas nulas.
- O reconto farase á vista e tras as actuacións de tódolos grupos, durante a actuación do grupo convidado.
- Un representante de cada grupo poderá estar presente no reconto de votos.
- Finalmente entregarase o premio ao grupo/solista máis votado.



12-ACCESO DO PÚBLICO

Unha vez se coñezan os grupos seleccionados, poranse á disposición do público no Local de Música de Pontevedra entradas para a súa recollida, limitadas a 10 por persoa até completar o aforo.

As butacas do Teatro Principal non estarán numeradas, pero ten limite de aforo (400).

13-ASPECTOS TÉCNICOS DO FESTIVAL

O número de bandas finalistas participantes será de oito (8).

As bandas inscritas deberán terán un máximo 15 minutos para interpretar en directo.

Os participantes aseguran a posesión dos dereitos de interpretación e autoría dos temas presentados e conceden autorización á organización para reproducilos e promocionalos a través de medios de comunicación e internet sen fins comerciais ou lucrativos, eximíndoa de calquera responsabilidade ou reclamación de terceiros.

As bandas seleccionadas comprométense a actuar no evento á hora, data e lugar determinada pola organización.

Os grupos seleccionados deberán enviar en tempo e forma á organización o seu *rider* técnico para programar adecuadamente a folla de ruta do evento.

A organización enviará aos grupos unha folla de ruta coas indicacións e características da produción. Os artistas poderán contactar coa organización para aclarar dúbidas e estudar necesidades específicas.

Os horarios serán asignados ás bandas por franxas horarias con debida antelación e dependendo das necesidades de produción.

Una vez asignado o horario será inamovible a non ser por causa de forza maior e sempre que sexa compatible coas necesidades da organización.

Tanto para os concertos como para as probas de son, esixirase puntualidade absoluta.



14-BACKLINE

Os grupos participantes compartirán os cascos da batería (bombo e toms) para posibilitar axilidade nos cambios e dinamismo no espectáculo. Este será o mesmo para todos os grupos participantes.

A organización porá a disposición dos artistas:

- Bateria Pearl ELX, medidas; Bombo 22”, Toms: 10”, 12” y 14”.
- Caixa, pedais, ferros pratos e taburete serán levados por cada un. Non obstante se o grupo o precisa deberá especificalo expresamente.

- Sonido PA, monitores e iluminación.
- Backliner e personal de produción.

O resto do backline será aportado por cada grupo ou solista (amplis de guitarra e baixo, teclados...etc). No caso de precisar algunha destas cousas deberá ser especificado expresamente.



15-Protección de datos de carácter persoal

A participación na presente promoción implica a autorización por parte de cada participante aos efectos do artigo 12 e seguintes do Regulamento da Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal (R.D. 1.720/2007 de 21 de decembro) a favor de XENEME Intervención Social S.L.L., para o tratamento dos seus datos para as seguintes finalidades:

- **Para a participación e entrega dos premios da presente promoción.**

Tales datos integraranse nun ficheiro automatizado cuio responsable e titular será XENEME Intervención Social S.L.L. e trataranse conforme as disposicións da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de carácter persoal (en adiante, LOPD) e ao Regulamento que a desenvolve. De acordo coa LOPD, os participantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición mediante correo dirixido a XENEME Intervención Social S.L.L. ao enderezo info@xeneme.com.

16-Clausulas finais

A organización resérvase o dereito de efectuar modificacións sobre estas normas para mellorar, corrixir ou atender a eventualidades que poidan darse no transcurso do proxecto.

A organización resérvase o dereito de modificar, suspender ou interromper este concurso por causas xustificadas ou que contraveñan ao espírito do certame sen que disto poida derivarse responsabilidade algunha.

A organización poderá sancionar e incluso descualificar os/as usuarios/as que obteñan votos de xeito ilícito. No caso de producirse, a organización comunicaría estas decisións persoalmente ás persoas afectadas.

A organización resérvase o dereito de efectuar todas as comprobacións ou a realizar todas as accións que considere oportunas para velar pola legalidade das votacións.